

**Expediente núm.:** 1386/2021

**Procedemento:** Seleccións de Persoal e Provisións de Postos

**Asunto:** Convocatoria de subvencións da liña en concorrencia non competitiva e da liña en concorrencia competitiva do Fondo de Compensación Ambiental para o ano 2021, de forma individual e mediante o sistema de xestión compartida, destinadas a entidades locais de Galicia

**Obra/servizo subvencionado:** Brigada de protección e mantemento de espazos naturais (Peón forestal)

## RESOLUCIÓN DE ALCALDIA

### ANTECEDENTES

1. Tramitouse o correspondente expediente para a Selección de persoal laboral temporal no Concello do Pereiro de Aguiar, de catro (4) peóns forestais para a obra / servizo "Brigada de protección e mantemento de espazos naturais", ao abeiro da Convocatoria de subvencións da liña en concorrencia non competitiva e da liña en concorrencia competitiva do Fondo de Compensación Ambiental para o ano 2021, de forma individual e mediante o sistema de xestión compartida, destinadas a entidades locais de Galicia.
2. Con data 27 de xullo de 2021 o Tribunal Cualificador estende acta que eleva ao órgano competente coa proposta de nomeamento provisional para a categoría referida.
3. Con data 28 de xullo de 2021, esta Alcaldía dita Resolución aprobando as listas definitivas de aspirantes propostos polo Tribunal cualificador, que superaron as probas selectivas do proceso de Selección de persoal laboral temporal de catro (4) peóns forestais para a obra / servizo "Brigada de protección e mantemento de espazos naturais", de acordo coa orde de puntuación obtida no proceso selectivo, para os efectos da súa contratación laboral temporal, cando as necesidades do Concello así o requiran.
4. Con data 02 de agosto de 2021, o Departamento de persoal deste Concello, procede ó chamamento das tres (3) primeiras persoas que integran as listas definitivas de aspirantes propostos polo Tribunal cualificador, segundo a orde de puntuación obtida no proceso selectivo e recollida na Resolución de Alcaldía de data 28.07.2021.

De conformidade co establecido no artigo 21.1.h) da Lei 7/1985, de 2 de abril, de bases de réxime Local; o artigo 136 do Real decreto legislativo 781/1986, do 18 de abril, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local e artigos concordantes da Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sostibilidade da Administración Local

### RESOLVO

**Primeiro.-** Contratar aos/as seguintes aspirantes propostos polo Tribunal cualificador para o posto de traballo de "peón forestal":

**Concello do Pereiro de Aguiar**

Plza. do Concello, 1, O Pereiro de Aguiar. 32710 (Ourense). Tfno. 988 259 385. Fax: 988 259395

LUIS MENOR PÉREZ (1 para 2)  
ALCALDE  
Data de Sinatura: 03/08/2021  
HASH: 96bd87fdca47c5639a66de6cf68ea3




JOSÉ ANTONIO CERDEIRA PÉREZ (2 para 2)  
SECRETARIO - ALCALDE AJUDANTE  
Data de Sinatura: 03/08/2021  
HASH: 9665d207ede6561fcb8aae421851e1168



RESOLUCIONS DE ALCALDIA

Número: 2021-0500 Data: 03/08/2021



Cod. Validación: 99.C3NXSEPM6DXP.YCXZSEMG | Corrección: https://concelloperreiro.sedelectronica.gal/  
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 1 a 3



# CONCELLO O PEREIRO DE AGUIAR

	APELIDOS E NOME	DNI
1	Ogando Bugallo, Diego	██████63.6██████
2	González Quintela, Manuel	██████57.8██████
3	Pérez Varela, Miriam	██████78.7██████

**Segundo.-** Contratar aos/as anteditos/as aspirantes para o período comprendido entre o 04 de agosto de 2021 e o 03 de decembro de 2021, para a obra / servizo “Brigada de protección e mantemento de espazos ambientais”, subvencionado pola Xunta de Galicia – Vicepresidencia primeira e Consellería de Presidencia, Xustiza e Turismo, por importe total de 14.929,78 €, na categoría profesional de “peón forestal”, cos seguintes custos salariais:

PERSONAL FONDO DE COMPENSACIÓN AMBIENTAL	GRUPO PROFESIONAL	TIPO XORNADA %	RETRIBUCIÓN BRUTA MENSUAL (1)	CNAE2009 (4 díxitos) / OCUPACIÓN (letra)	% COTA PATRONAL SEG. SOC.	COTIZACIÓN EMPRESARIAL Á SEG.SOCIAL MENSUAL	CUSTO BRUTO MENSUAL	DURACIÓN DO CONTRATO (en meses)	CUSTO BRUTO TOTAL (por traballador/a)	INDEMNIZACIÓN POR FINALIZACIÓN DE CONTRATO TEMPORAL	Nº DE TRABALLADORES	CUSTO BRUTO TOTAL FONDO DE COMPENSACIÓN AMBIENTAL ANO 2021
Peón forestal	V	100,00%	1.322,40	8411 D	37,80%	499,87	1.822,27	4	7.289,08	175,81	4	29.859,56
TOTAIS			1.322,40 €			499,87 €	1.822,27 €		7.289,08 €	175,81 €	4	29.859,56 €

(1) Incluída a parte proporcional das pagas extraordinarias e complementos salariais suxeitos a cotización mensual

**Terceiro.-** Formalizar o contrato de traballo na modalidade de contrato por obra ou servizo determinado, segundo o artigo 15 do Real decreto legislativo 2/2015, do 23 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da lei do estatuto dos traballadores, e o artigo 2 do Real decreto 2720/1998, do 18 de decembro polo que se desenvolve o artigo 15 do estatuto dos traballadores en materia de contratos de duración determinada, en réxime de dedicación a tempo completo.

**Cuarto.-** Publicar a presente Resolución no taboleiro de anuncios e na páxina web do Concello ([www.concelloperreiro.com](http://www.concelloperreiro.com)).

**Quinto.-** Dar conta da presente Resolución ao Pleno do Concello e (no seu caso) á Xunta de Goberno Local, na primeira sesión que celebren.

**Sexto.-** Contra a presente Resolución, que pon fin á vía administrativa, poderán os interesados/as interpoñer, alternativamente, ou recurso de reposición potestativo, no prazo dun mes para contar desde o día seguinte á recepción desta notificación, ante a Alcaldía deste Concello, de conformidade cos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas - LPACAP-, ou recurso contencioso - administrativo, ante os Xulgados do Contencioso - Administrativo de Ourense no prazo de dous meses a contar desde o día seguinte á recepción da presente notificación, de conformidade co artigo 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, da Xurisdición Contencioso -

**Concello do Pereiro de Aguiar**

Plza. do Concello, 1, O Pereiro de Aguiar. 32710 (Ourense). Tfno. 988 259 385. Fax: 988 259395

RESOLUCIONS DE ALCALDIA

Número: 2021-0500 Data: 03/08/2021



Cod. Validación: 99JC3N3XSEPM6DXPYYXCXZSEIMGG | Corrección: <https://concelloperreiro.sedelectronica.gal/>  
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 2 a 3



## CONCELLO O PEREIRO DE AGUIAR

Administrativa. Se se optase por interpoñer o recurso de reposición potestativo, non poderá interpoñer recurso contencioso - administrativo ata que aquel sexa resollido expresamente ou se produciu a súa desestimación por silencio. Así mesmo, poderá exercitar calquera outro recurso que considere pertinente.

Así o acorda o Sr. Alcalde, D. Luís Menor Pérez, no Pereiro de Aguiar; do que como Secretario – Interventor dou fe ó exclusivos efectos do disposto no artigo 3.2 e) do Real Decreto 128/2018, do 16 de marzo, polo que se regula o réxime xurídico dos funcionarios de Administración Local con habilitación de carácter nacional.

O Alcalde,  
Luís Menor Pérez

O Secretario – Interventor,  
José Antonio Cerdeira Pérez

**DOCUMENTO ASINADO DIXITALMENTE Á MARXE**

**RESOLUCIONS DE ALCALDIA**

Número: 2021-0500 Data: 03/08/2021



Cod. Validación: 99JIC3NXSEPM6DYPYXCZSEMG6 | Corrección: <https://concelloperero.sedelectronica.gal/>  
Documento asinado electronicamente desde a plataforma Xestiona esPublico | Páxina 3 a 3

---

**Concello do Pereiro de Aguiar**

Plza. do Concello, 1, O Pereiro de Aguiar. 32710 (Ourense). Tfno. 988 259 385. Fax: 988 259395